



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS AO CONSELLO ESCOLAR


CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 DE SETEMBRO DE 2024, da Dirección xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a un (1) REPRESENTANTE.
- 2.- O censo electoral do persoal de administración e servizos está exposto no taboleiro de anuncios da planta baixa. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o 30 de outubro de ata o día 8 de novembro ás 13:00h..
- 3.- As candidaturas poderán ser presentadas dende o 30 de outubro ata o 8 de novembro ás 13:00 horas.
- 4.-A mesa electoral estará formada pola Directora en funcións do Centro, que actuará como presidenta, a secretaria do centro e o membro do citado persoal de administración e servizos de maior idade.
- 5.- Cada membro fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **UN** nome da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público Integrado o día 21 de novembro (xoves), de 10:35 a 11:00 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:30 horas.
- 10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Fene, 30 de outubro de 2024

A DIRECTORA E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL


Mª Isabel Hermida Rodríguez

